

Este libro encantoume! (setembro 2022)

Publicado por GÁLIX | 1.9.22



Setembro 2022

Recomendamos Contos de seu de Xosé Tomás

Xosé Tomás Díaz Teijo é un prolífico autor que ten desenvolvido a súa actividade no eido da ilustración e do humor gráfico, A maioría da súa obra vai dirixida ao público infantil e xuvenil. Galardoadado en numerosas ocasións é ademais profesor de ensino secundario. Na obra que nos ocupa, “Contos de seu”, Xosé Tomás fai gala da súa mestría na banda deseñada e adéntranos na realidade dun país, dunha

terra poboada por individuos con costumes e características particulares. Lévanos sutilmente a un mundo imaxinario pero tamén real, coas súas consabidas peculiaridades paisaxísticas, antropolóxicas e lingüísticas. Desvélanos os segredos desta nai común, chamada Galiza, depositaria de vellas tradicións, costumes e crenzas que conforman a alma do pobo. Envurullados polo misterio, a brétema e os soños.



Resoltos e destemidos ante supersticións, crenzas e mitos, os protagonistas destes contos poden considerarse vítimas inocentes dun cruel destino, e reflicten dun xeito maxistral a dura realidade de certo modo de vida tradicional xa esquecido que aínda latexa no subconsciente colectivo. A supervivencia é o principal fío argumental ao que deberan enfrontarse os personaxes. Nalgúns casos o autor vai desvelándolle ao lector a través das viñetas certas claves para que sexa finalmente el o que decida en que dirección xiralas. Deste xeito, o autor, reconece e fai partícipe ao público lector dun desenlace que pode ter múltiples finais.

Mediante a banda deseñada e guiado pola luz dun candil, Xosé Tomás, tómallo o pulso a Ánxel Fole, nunha sentida homenaxe que tan só pretende convidarnos ao universo máxico do grande narrador. Réndelle, pois, o seu respecto e admiración con deseños animados que unhas veces calan e outras asustan, soñan, valoran e percorren os universos infintos do ilustre fistor.